

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR
CURSO: 4º ESO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Ante a situación tan excepcional que estamos a vivir, o Departamento de Lingua Galega e Literatura tomou estas decisións relativas á Programación de Latín en 4º ESO:

- Afianzar os contidos da primeira e segunda avaliación mediante actividades de repaso e reforzo.
- A través dos distintos estándares, traballaranse as seguintes competencias: comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.
- Avanzar certos aspectos da materia tal e como especificamos a continuación:
 - Flexión verbal.
 - Casos latinos.
 - A familia romana.
 - Mitoloxía e relixión.
 - Elementos da oración
 - Concordancia.
 - Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
 - Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria
 - Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.
 - Análise morfolóxica e sintáctica.
 - Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias
 - Iniciación ás técnicas de tradución.

2. Avaliación e cualificación

Atendendo ao establecido no RD 463/2020 do 14 de marzo e seguindo as instrucións do 27 de marzo, dadas pola Dirección Xeral de Educación, tras declararse o estado de alarma provocado polo COVID-19 cualificouse o alumnado en base aos datos rexistrados até o 12 de marzo de 2020, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación deste Departamento. A partir desa data especificamos os aspectos relacionados coa avaliación e a cualificación que teremos en conta na terceira avaliación e nas avaliacións ordinarias e extraordinarias.

Avaliación	<p>Procedementos: No 3^o trimestre teremos en conta:</p> <ul style="list-style-type: none">• Traballo semanal (entregas): 80% , valórase a eficiencia, o rigor, a corrección e a adecuación. As respostas deben corresponderse co nivel de coñecementos do alumnado e o grado de desenvolvemento das súas competencias.• Controis e probas de contido: 20%• Non hai alumnado suspenso nas avaliacións anteriores. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Observación, rexistro, probas orais e escritas, traballos en grupo e individuais.• Fichas elaboradas polo profesorado para reforzar, repasar e recuperar a materia das dúas primeiras avaliacións.• Recursos audiovisuais. Recursos dixitais.• Achega de material complementario.• Continuación da materia especificada no punto 1.
Cualificación final	<p>En todos os cursos da ESO, a nota da avaliación ordinaria obterase da media das dúas primeiras avaliacións sumando o traballo da terceira avaliación que se valorará positivamente até un máximo de 2 puntos naqueles alumnos e alumnas que responderon NO PRAZO indicado e SATISFACTORIAMENTE a todas e cada unha das tarefas propostas polo profesorado. No cálculo deses 0-2 puntos terase en conta o que detallamos nos procedementos de avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Os contidos a avaliar serán os explicados e practicados durante o ensino presencial até o 12 de marzo. En función da permanencia do estado de alarma e das indicacións dadas polas Administracións Sanitarias e Educativas, as probas realizaranse na modalidade presencial ou telemática.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai alumnado suspenso.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas polo profesorado na Aula Virtual por franxas semanais ou temas. O profesorado propón actividades os luns e o alumnado ten un prazo para facelas. • Estas actividades serán de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación (neste último caso consideradas imprescindibles de cara ao vindeiro curso para o progreso da aprendizaxe e o desenvolvemento das competencias clave). • Nota: admítese a entrega das actividades en calquera formato: realización de tarefa na aula virtual, envío de fotos, vídeos, PDF, WORD ou directamente escritas no correo electrónico...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con conectividade: a través da Aula Virtual, Abalar, Cisco-webex, correo electrónico e Drive. • Alumnado sen conectividade.(A día de hoxe no CPI CRUZ DO SAR atendeuse a todos os alumnos que o reclamaron proporcionándolles equipos informáticos e conexións).
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • A información das tarefas están explicadas na aula virtual do CPI cruz do SAR especificado por cursos e temas ou semanas. • Vídeos e audios. • Dispositivos dixitais. • Dúbdas en mensaxes e foros da Aula Virtual. • Dúbdas formuladas polo alumnado ou as familias no correo electrónico e Abalar. • Reunións a través de Cisco-webex.

4.- Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> • Cursos na <u>"Aula Virtual"</u> • Mensaxes e foros da Aula Virtual • <u>Plataforma Abalar</u> • <u>Web do Centro</u> • Correo electrónico, Drive • Reunións a través de <u>Cisco-webex</u>
Publicidade	Esta adaptación da programación estará visible a partir do día 13 de maio 2020 na páxina web do noso centro.

Bergondo, 12 de maio de 2020